

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 10 SEPTIEMBRE DE 2.010**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día dez de setembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Xustifican a súa asistencia dona Vitoria Fernández Vigo e don José Manuel Carral Méndez.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE XUÑO E 16 DE XULLO DE 2010.**

Ponse de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 30 de xuño de 16 de xullo de 2010, cuxas copias se remitiron aos Concelleiros adxuntas a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

A solicitude do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación describe brevemente a proposta de altas no inventario municipal de bens e dereitos, que consta das seguintes inscricións:

PORCIÓN VIAL Nº 106

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN PAPE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: PAPE

Lindeiros: Norte José Pena Illán, Sur camiño e Encarnación González Illán; e outros; Este, camiño; e Oeste, finca matriz

SUPERFICIE: 378,70 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 16 de marzo de 2.010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca matriz: Tomo 1104, Libro 86, Folio176, Finca nº 9895.

PORCIÓN VIAL Nº 107

PENELAS

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte,168 de Domingo Lombao Flores, Sur, 182 de José Illán, Este, camiño e polo Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 71,25 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de abril de 2.010

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta.

PORCIÓN VIAL Nº 108

MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA – MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: MATELA

Lindeiros: Norte, parcela 26, ao Sur , parcela 24, ao Este coa finca matriz e ao Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 78,45m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 22 de xunio de 2.010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 109

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte, con parcela de Antonio Lombao Illán, Sur con terreo de María Lombao Illán, Este , coa finca matriz, Oeste, en liña de vinte e cinco metros e cincuenta centímetros, con camiño veciñal.

SUPERFICIE: 92.90 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 19 de abril de 2.010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### PORCIÓN VIAL Nº 110

#### CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN CELA –CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: CELA

Lindeiros Camiño 1: Norte, finca matriz, Sur e Oeste, camiños Este, parcela 304.

Lindeiros Camiño 2: Norte, e Oeste, camiño, Sur finca matriz e polo Este, parcela 304.

SUPERFICIE Camiño 1: 183m<sup>2</sup>

SUPERFICIE Camiño 2: 281,81 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 27 de xullo de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: si consta (Finca 4840, Folio 160, Tomo 1.097, Libro 84)”

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta transcrita de inclusión de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE DOUS TRAMOS DE ESTRADAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL.**

O sr. Alcalde da conta da solicitude cursada polo Concello de Outeiro de Rei a Deputación Provincial de cesión de dous tramos de estrada provincial, co gallo de facilitar a xestión urbanística do solo urbanizable polo que discurren estes dous tramos.

Asemade, dá conta do acordo de cesión adoptado polo Pleno da Corporación Provincial con data de 27 de xullo de 2010, e no que se amplía a proposta de cesión do tramo de estrada provincial que discurre polo núcleo de Bonxe.

A vista de estos antecedentes, presenta ao Pleno a seguinte proposta de resolución:

“Con data de 27 de xullo de 2010, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a proposta de aceptar a solicitude do Concello de Outeiro de Rei para a cesión a dito concello da titularidade dos seguintes tramos de estradas provinciais:

- LU P-3906 “De Bonxe a Rozas”, tramo P.Q. 0,000 a 0,1450, coincidente co final do recinto da prisión de Bonxe e correspondendo ao punto de intersección coa vía municipal da Veiga por Monte Vello a LU-115.
- LU P-3008 “De Ramil por Martul a LU-P-2905 (As Carballeiras-Vilalvite)”, tramo 0,000 a 1,080.

Dito acordo adóptase a instancias do Concello de Outeiro de Rei, en tanto os tramos sinalados discurren por solo de núcleo rural, prestando servizo maioritariamente a ditos núcleos, polo que as características do tráfico son predominantemente urbanas xa que ditos tramos non soportan tráfico interurbano significativo.

O Concello de Outeiro de Rei considera convinte aos intereses municipais a perfección das cesións propostas, xa que ditos viais prestan servizos fundamentalmente urbanos e permiten ao concello unha racional xestión demanial, urbana e do tráfico viario.

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 53 da Lei 4/1994, de Estradas de Galicia, corresponde a Xunta de Galicia, previo acordo entre as Administracións cedente e cesionaria, aprobar o cambio de titularidade de ditas vías.

A vista de exposto, propono a Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aceptar cesión da titularidade dos seguintes tramos de estradas Provinciais:

- LU P-3906 “De Bonxe a Rozas”, tramo P.Q. 0,000 a 0,1450, coincidente co final do recinto da prisión de Bonxe e correspondendo ao punto de intersección coa vía municipal da Veiga por Monte Vello a LU-115.
- LU P-3008 “De Ramil por Martul a LU-P-2905 (As Carballeiras-Vilalvite)”, tramo 0,000 a 1,080.

*Segundo:* Solicitar da Xunta de Galicia a aprobación do cambio de titularidade dos tramos indicados.

*Terceiro:* Facultar ao sr. Alcalde a sinatura de tódolos actos precisos para a execución do presente acordo”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2009.**

Iníciase o debate sobor a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2009 mediante a intervención do voceiro do PSdG-PSOE, que se remite ao informe da Interventora do Concello no que pon de manifesto unha serie de irregularidades tales como a ausencia dun contro de programas de gasto plurianuais, a ausencia dun inventario municipal de bens e dereitos, ou ausencia dun axeitado seguimento contable do destino orzamentario da financiación derivada dos ingresos afectados.

O informe asegura que o Concello se atopa nunha situación de inestabilidade económica-financieira, para o que propón unha serie de medidas a adoptar.

O grupo municipal do PSdG-PSOE propón que leve un control máis estricto da contabilidade municipal, e que no se volvan a repetir situacións de grave descontrol como o que impide a Interventora o averiguar a qué se debe un desfase dun millón de euros na liquidación do orzamento do ano 2009.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, que se remite igualmente ao informe de Intervención, que califica de demoledor.

Asegura do sr. Arcadio que dito informe evidencia todo o que non se fixo dende o equipo de goberno: ausencia de control de gastos plurianuais, ausencia de levanza do control de gastos e ingresos con financiación afectada, ausencia de inventario de bens...

Considera o voceiro que non se pode desvincular a xestión contable do resto da xestión do Concello e se pregunta qué fixo o equipo de Goberno todo este tempo.

Resposta o sr. Alcalde que non existe seguimento de gastos de carácter plurianuais sinxelamente porque non houbo gastos de carácter plurianual.

No que atinxe ao millón de euros que non se ingresaron, como ben coñecen tódolos membros da Corporación, correspondía ao remate da urbanización do RA-49, e como non se ingresaron o ano pasado porque non se iniciou a xestión, tampouco se gastaron.

O verdadeiro problema que existe neste Concello é a ausencia de Interventor, xa que nos últimos tempos pasaron por aquí tres interventores, e a última titular da praza leva, como é lóxico por causas alleas a súa vontade, bastante tempo de baixa laboral.

Por outra banda, a situación económica xeral e do Concello impide contratar a máis xente para realizar estas tarefas.

A situación de inestabilidade económica é evidente, e a causa é ben clara: cando fixemos o orzamento do 2009 o Estado transfería máis de 55.000 euros cada mes, e un pouco máis tarde baixou a aportación a 49.000 euros.

O Concello fai as súas previsións orzamentarias en base a unha previsión que fai o Goberno do Estado, xa que é o Estado que asigna a participación nos tributos do Estado. Se o Estado despois non cumpre coa súa previsión, o dano ao Concello está feito.

E se analizamos as contas, vemos que o déficit orzamentario coincide coa redución sufrida na participación nos tributos do Estado. É aquí a inestabilidade.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, quen asegura que non dubida da corrección técnica das contas, pero non se pode desvencellar a xestión contable coa xestión orzamentaria. E se a Interventora no seu informe á Conta Xeral dí que a situación de estabilidade orzamentaria é de inestabilidade, non se pode pretender apoiar unha situación de inestabilidade, polo que o seu grupo non pode aprobar esta Conta Xeral.

Destaca que no informe se asegura que “todo esto unido a un gasto corrente non excesivamente contido”, polo que se pon de manifesto, unha vez máis, a vencellación entre este documento e a xestión orzamentaria municipal.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, pon de manifesto que no informe de Intervención non se dí que haxa gastos plurianuais ou financiados con financiación afectada, senon que non se leva un axeitado control sobor os mesmos. E o que non pode ser é que o Interventor non poida controlar este tipo de gastos.

O voceiro do grupo municipal do PP, asegura que a Conta Xeral ten como función informar da execución do orzamento do ano 2009. E a pouco que se miren as contas, obsérvase que se produxo un déficit exactamente igual a minoración de financiación do Estado con cargo a participación nos seus tributos. De tal xeito que, se o Goberno da Nación non rebaixara a financiación local, non existiría déficit.

Ésta é a situación á que nos está levando o actual Goberno do Estado, unha situación de absoluto desastre.

E aínda así, nun contexto de rebaixa da financiación local e de rebaixa xeralizada de ingresos, somos quen de aprobar un orzamento cun superhábit igual ao déficit producido, polo que neste mesmo ano se recupera a estabilidade orzamentaria.

Asegura non compartir a afirmación de Arcadio, según a cal o Concello debe ser rendible economicamente ao igual que unha empresa, xa que o Concello non é unha empresa, senón que é unha institución adicada a prestación de servizos e funcións sociais non rendibles economicamente, senón rendibles en termos sociais.

E polo que atinxe ás afirmacións da Interventora relativas ao gasto social, recorda que a decisión de ónde se gastan os cartos é unha decisión orzamentaria netamente política, sen que un órgano técnico de control poida dicir se os recursos municipais teñen que adicarse a asfaltar camiños ou a mellorar servizos.

E é vontade deste equipo de goberno no actual contexto non recortar servizos e tentar manter a calidade dos existentes, para o que é necesario manter os niveles actuais de gasto corrente.

Insiste en que non habendo gastos de carácter plurianual non existe necesidade de controlalos. E recorda que o problema débese a longa baixa laboral da Interventora, ponendo o seguinte exemplo: se o Alcalde estivese de baixa a meirande parte do ano, posiblemente non estivese ao día do que sucede no Concello. E o mesmo sucede en calquer outro posto de traballo coma a Intervención.

Difícilmente pódese coñecer a situación do Concello se non se traballa no concello no seu día a día.

Finalmente, propón a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercizo 2009, dado que están correctamente confeccionadas.

Realizada a votación, a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2009 resulta aprobada con cinco votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **5.- APROBACIÓN DA SUSTITUCIÓN DO SISTEMA DE ACTUACIÓN DO SECTOR RA-49.**

Iníciase o debate coa exposición sucinta polo sr. Alcalde dos antecedentes da xestión do sector RA-49, a imposibilidade do promotor de rematar a execución das obras de urbanización e a solicitude pola meirande parte dos propietarios de que o Concello asumise a xestión.

Recorda o Alcalde que o Concello encargou estudos técnicos valorativos das obras pendentes de execución neste sector, con carácter previo a aceptación da solicitude dos propietarios, co gallo de que os propietarios decidisen o sistema a adoptar con coñecemento dos custes previsibles. Unha vez realizados os estudos e presentados



aos propietarios, éstos ratificaron a solicitude de fijación do sistema de cooperación, o que acepta o Concello a pesares da carga de traballo que elo supón.

E en base a estos antecedentes presenta a seguinte proposta de resolución:

“O Plan de Sectorización RA-49, foi aprobado definitivamente o día 16 de abril de 2004. Dito Plan de Sectorización establecía como sistemas de actuación o sistema de Compensación ou o de Concerto.

En cumprimento do plan de etapas de dito plan, con data de 4 de marzo de 2005, aprobouse definitivamente o proxecto de urbanización correspondentes ao polígono de prescripción residencial RA-49, “Triacua”.

No decreto de aprobación definitiva do proxecto de urbanización, establécese como término da obriga de urbanización o 16 de abril de 2006.

Transcurrido o prazo máximo para a execución de ditas obras, conséntase que as mesmas non se executaron na súa integridade. Asemade, a meirande parte dos sucesivos adquirentes das parcelas de resultado, con data de rexistro de entrada de 11 de novembro de 2008, presentaron escrito no que se solicita a substitución do sistema de actuación previsto no plan polo sistema de cooperación.

O artigo 127.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece literalmente:

*“Cando se fixase un sistema de xestión indirecta e no se executara conforme os prazos ou plans de etapas establecidos, ou trancorrese máis dun ano desde a aprobación definitiva do planeamiento urbanístico detallado sen que se iniciara o proceso de desenvolvemento e execución, o municipio poderá substituir o sistema de execución polo procedemento establecido no número anterior...”*

Polo tanto, no presente caso concurren os supostos de feito que habilitan ao concello de Outeiro de Rei para substituir o sistema de actuación.

No tocantes ao sistema a elixir, a solicitude presentada pola meirande parte dos actuais propietarios dos inmobles incluídos no sector, así coma a gran fragmentación da propiedade e o feito de que a práctica totalidade dos propietarios afectados non teñen experiencia na xestión do solo, aconsella asumir un sistema de xestión directa, con financiación a cargo da propiedade. É dicir; o sistema de cooperación.

Previa tramitación do correspondiente expediente, con data de 13 de xaneiro de 2009, mediante decreto da Alcaldía aprobouse definitivamente a substitución do sistema de actuación do sistema de actuación do SECTOR RA-49, polo sistema de Cooperación, resolvéndose unha serie de alegacións presentadas polos particulares interesados.

Non obstante, a empresa ASOGAL, presentou recurso contencioso-administrativo contra a substitución do sistema de actuación. Na demanda do recurso presentado fai referencia a unha serie de omisións no expediente, coma o estudio económico-financieiro.

Se ben esta alegación non pode prosperar, en tanto o expediente de substitución fíxose a luz dos informes técnicos de avaliación dos custes das obras pendentes, (informes e cuantías que coñecen todos os interesados) sí que é certo que non se fixo expresa mención no documento administrativo. Coa finalidade de que lle quede ben claro este extremo a demandante, ratifícase o expediente de substitución do sistema, no que se evidencia a existencia e contido do estudo que, nestes intres, sopórtase nos proxectos de urbanización das obras pendentes de execución debidamente aprobados.

Asemade alegou a competencia plenaria para a aprobación definitiva do cambio do sistema.

Esta alegación é a que xustifica a presente elevación ao Pleno, xa que existe unha xurisprudencia contradictoria que crea unha inseguridade xurídica a que non pode expoñerse o Concello.

A recente sentenza do Tribunal Supremo do 19 de xullo de 2010, dá conta de esta inseguridade xurídica, cando afirma, no seu fundamento xurídico séptimo, e por referencia as STS de 4 de febreiro de 1987 e 30 de novembro de 1998, que “*es evidente la doctrina contradictoria del TS. Aunque mayoritariamente se incline por la tesis de que la modificación del sistema de actuación, cuando este ha sido previsto en el Plan ha de seguirse por las normas procedimentales que regulan la aprobación de los planes*”.

Con independencia de que o principio de *contrarius actus* atópase moi atenuado na lexislación galega en virtude do artigo 127 da Lei 9/2002, segue a existir un marxe de inseguridade no que atinxe a competencia orgánica da aprobación do sistema de actuación, se ben parece que a regulación procedimental e sustantiva da substitución por incumprimento debe calificarse como acto de xestión, polo que a competencia sería do Alcalde.

Agora ben, a conveniencia de dotar ao procedemento das máximas condicións de seguridade xurídica aconsellan elevar a presente proposta de resolución ao Pleno da Corporación.

En base a estos antecedentes e valoracións, con data de 26 de abril de 2010 reiniciouse expediente de substitución do sistema de actuación, a tramitar simultaneamente ao de reparcelación.

Este novo procedemento non implica a anulación do anterior, xa que a substitución aprobada con data de 2009 conserva íntegramente os seus efectos xurídicos, se ben preténdese obter unha maior dose de seguridade xurídica ao tempo que reforzar as posibilidades de participación dos cidadáns.

Tramitado o expediente e rematado o prazo de información pública, non se presentaron alegacións contra a substitución do sistema de actuación. Sí se presentaron contra o documento de reparcelación, se ben ditas alegacións deberanse responder na resolución do correspondente instrumento de equidistribución.

Por todo o anterior, propoño ao Pleno da Corporación:

- Aprobar definitivamente a substitución do sistema de actuación do SECTOR RA-49, polo sistema de Cooperación.”

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE considera que a adopción do sistema de cooperación aparece agora casi como a única solución posible a unha situación indeseable que se poido evitar no seu momento.

A situación actual poido haberse evitado polo concello, e deste xeito evitariáse o perxuízo causado aos propietarios afectados. Se o Concello fose o suficientemente previsor esto non sucedería.

No seu uso da palabra, o voceiro do grupo municipal do BNG asegura que a situación actual é a consecuencia lóxica dun problema que o BNG ven denunciando dende fai moito tempo, xa en outras lexislaturas. E consiste en que o urbanismo neste Concello o fan os promotores, en vez de facelo o Concello que é a quen lle corresponde facelo.

Afirma que nestos días estivo vendo urbanizacións realizadas noutros Concellos en que primeiro se urbaniza e logo se edifica. Sen chegar a tanto, se o Concello estivese atento e esixise garantías suficientes, esta situación non se tería dado. Tan sólo con esixir que a edificación fose simultánea coa urbanización evitariáse este problema.

O sr. Alcalde contesta asegurando que o Concello o que fixo, como non pode ser de outro xeito, é aplicar a lei vixente no seu momento, e recorda que a situación actual do RA-49 é unha situación, por desgracia, generalizada nestos tempos, e non hai que ir moi lonxe para ver urbanizacións paradas e nas que o Concello non fai nada.

A situación actual débese, nin máis nin menos, a situación de grave crise económica que sufrimos, e que empuxou a ruína a un gran número de promotores de tódolos tamaños e características.

Fala o voceiro do BNG de edificación simultánea, e isto foi precisamente o que se fixo neste caso, e autorizou a edificación simultánea a urbanización porque a lei o permite e porque, permitíndoo a lei, o Concello non pode facer outra cousa que autorizalo.

E como a lei que permite edificación simultánea a urbanización é consciente de que este sistema pode derivar en situacións como a que agora estamos, prevé expresamente a solución que agora adoptamos: a substitución do sistema de actuación.

Os propietarios solicitaron esta solución e o Concello o aceptou para desatranca a situación.

O voceiro do BNG advirte dunha consecuencia deste xeito de facer as cousas, que é o falseamento dos ornamentos municipais, xa que incorporan as obras de urbanización como obra de inversión, ano tras ano, inflando as contías e porcentaxes de inversión real no termo municipal.

Insiste en que o Concello fixo deixadez no seu deber de defender aos cidadáns, e agora o están a sufrir. A política urbanística foi nefasta neste Concello.

O voceiro do PSdG-PSOE, sinala que para cumprir a lei primeiro é necesario coñecela. E a lei esixe que, para garantir a urbanización simultánea, o promotor ten que presentar garantía suficiente, que no seu momento estimábase no 20% do custe das obras de urbanización. E se non se presenta esta garantía non se pode autorizar a edificación.

E non é lóxico que o Concello asuma sen control algún o custe estimado de urbanización presentado polo promotor, xa que isto redundaría nun incumprimento do réxime de garantías. Neste caso o promotor presentou unha valoración dos custes de urbanización moi por baixo dos custes reais, polo que a garantía tamén foi moi inferior ao porcentaxe dos custes reais que debeu ser garantizado. E isto foi por causa dunha deixadez municipal que agora repercute nos propietarios.

O sr. Alcalde resposta que a lei permite a edificación simultánea á urbanización e isto foi o que se fixo, e agora temos unha parte de urbanización sen rematar e, consecuentemente, un porcentaxe maior de vivendas sen construír.

E non se pode falar de deixadez do Concello cando o que está a facer é, precisamente, defender os intereses dos particulares asumindo o sistema de cooperación.

Os aludidos perxuízos económicos dos propietarios son exactamente da mesma natureza que os que produciron aos propietarios que mercaron unha casa rematada e o promotor a deixou a medio facer. E destes hai varios casos.

No tocante a alegación do sr. Arcadio de que o Concello inclúe as obras de urbanización no orzamento, resposta que non existe outro xeito legal de facelo. Como é unha obra pública que contrata e paga o Concello ten que estar necesariamente orzamentada. É unha esixencia legal mínima e lóxica.

Por último, solicita o voto a favor da proposta, dado que a substitución do sistema de actuación é o único xeito de axudar aos propietarios, así o pediron éstos e o Concello ten a vontade de axudalos.

Sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con cinco votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **6.- APROBACIÓN DA SUSTITUCIÓN DO SISTEMA DE ACTUACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DE A PALLOZA.**

Iníciase o debate coa exposición sucinta polo sr. Alcalde dos antecedentes da xestión do Plan Parcial “A Palloza”, remitíndose ao contido da proposta presentada, do seguinte teor literal:

“O Plan de Sectorización A Palloza, foi aprobado definitivamente o día 5 de novembro de 2003. Dito Plan de Sectorización establecía como sistemas de actuación o sistema de Concerto. Asemade, fixébase como prazo máximo de cumprimento da obriga de urbanización o prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva.

En cumprimento do plan de etapas de dito plan, con data de 1 de abril de 2004, aprobouse definitivamente o proxecto de urbanización correspondente a dito sector.

No decreto de aprobación definitiva do proxecto de urbanización, establécese como término da obriga de urbanización o prazo de 36 meses.

Transcurridos os prazos máximos fixados en ambos instrumentos para a execución de ditas obras, conséntase que as mesmas non se executaron na súa integridade.

De feito, os informes técnicos encargados polo concello valoran as obras de urbanización pendentes de execución en 1.385.842,89 euros, o que implica que quedan pendentes de execución a práctica totalidade das obras previstas no proxecto de urbanización aprobado no seu día.

O artigo 127.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece literalmente:

*“Cando se fixase un sistema de xestión indirecta e no se executara conforme os prazos ou plans de etapas establecidos, ou trancorrese máis dun ano desde a aprobación definitiva do planeamiento urbanístico detallado sen que se iniciara o proceso de desenvolvemento e execución, o municipio poderá substituír o sistema de execución polo procedemento establecido no número anterior...”*

Polo tanto, no presente caso concurren os supostos de feito que habilitan ao concello de Outeiro de Rei para substituír o sistema de actuación.

No tocantes ao sistema a elixir, o feito de que unha gran parte da propiedade do polígono pertence ao promotor que incumpliu a súa obriga de urbanizar, aconsella asumir un sistema de xestión directa, con financiación a cargo da propiedade. É dicir; o sistema de cooperación, xa que de optar polo sistema de compensación, a actuación obstructiva do propietario maioritario determinaría a ineficacia do novo sistema.

Por todo o anterior, con data de 26 de abril de 2010, mediante decreto da Alcaldía acordouse aprobar inicialmente a substitución do sistema de actuación do SECTOR A Palloza, polo sistema de Cooperación, iniciando a tramitación prevista no artigo 127.2 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Unha vez notificados persoalmente tódolos propietarios afectados e transcurrido o período de información pública aberto coas publicacións de anuncios no BOP nº 125, de 4 de xuño de 2020 e Diario el Progreso, venres, 28 de maio de 2010, conséntase a presentación de tres escritos de alegacións.

Jaime López López, presenta escrito con número de rexistro 2384, que alega o seguinte:

- O estudio técnico prevé un paso baixo a autovía que é innecesario, xa que suscribiu un acordo con cinco propietarios para facer a canalización por outro trazado.
- A porcentaxe de execución reflexada no estudio é inexacto, xa que dona Rosa María López López, certifica que a porcentaxe é do 33,38%.
- O importe orzamentado de execución das obras é desproporcionado co valor das parcelas, polo que debe calificarse como antieconómico.
- Non se debe efectuar unha nova valoración das parcelas nin incluír honorarios profesionais, xa que istos custes foron asumidos no seu momento.
- O cambio de sistema implicaría a desaparición da entidade urbanística de colaboración creada e a perda de efectos xurídicos das relacións xurídico-patrimoniais existentes ata a data.

Rosa María López López, presenta escrito con número de rexistro 2383, alegando o seguinte:

- Con carácter previo ao cambio de sistema debería requirirse a entidade urbanística de xestión para que rematare as obras, xa que é a entidade responsable da urbanización.
- É preceptiva a disolución e liquidación da entidade urbanística de colaboración con carácter previo a substitución do sistema.
- A substitución do sistema de actuación implica que os propietarios que mercaron as súas parcelas libres de cargas e gravames deberán pagar dúas veces o prezo de urbanización.
- A porcentaxe de execución reflexada no estudio é inexacto, xa que a porcentaxe de execución é do 33%.
- O prezo orzamentado das obras pendentes de execución é desproporcionado con respecto a contía prevista polo Concello na proposta de equidistribución do ano 2004.
- O custe das obras de urbanización atópanse garantizadas ao 100%.

Dona María Luz Martínez Morandeira presenta escrito de alegacións con número de rexistro 2385, alegando o seguinte:

- Mercou unha parcela libre de cargas e gravames, polo que agora é improcedente a imposición de novas cargas urbanísticas.
- O importe das obras de urbanización é desproporcionado e antieconómico, xa que o valor da carga de urbanización é superior ao valor da parcela.

Ante estas alegacións debe respostarse o seguinte:

- Respecto do requirimento previo ao cambio de sistema, o Concello de Outeiro de Rei mantivo un contacto constante no que emitiu numerosos requirimentos ao promotor das obras de urbanización sen que foran

atendidos. Por outra banda, dito requerimento previo non é un trámite preceptivo.

- Polo que respecta a valoración das obras pendentes de execución, ésta é unha valoración estimativa, se ben o valor de mercado das mesmas fíxase a través da tramitación do correspondente expediente de licitación con arranxo a Lei de Contratos do Sector Público. A diferenza con respecto a previsión presentada polo promotor no ano 2004 radica, ademais do tempo transcurrido, no feito de que esta valoración faise por técnicos contratados polo concello unha vez valorada a realidade física e xométrica do terreo, a diferenza da valoración do ano 2004, que se presentou polo promotor.
- Non pode apreciarse desproporción con respecto ao valor da parcela, xa que o valor da parcela é o propio do solo rústico namentres non se remate a urbanización, atendendo a renda de explotación real ou potencial, mentres que os custes de urbanización, por definición, son moi superiores.
- O feito de que os particulares mercaran ao promotor unha parcela libre de cargas e gravames é un tema alleo a competencia e responsabilidade municipal, que deberán resolver en vía civil contra o vendedor. A carga de urbanización recae sobor o propietario *ministerio legis*, polo que non pode ser enervada mediante pactos mercantiles entre particulares.
- No que atinxe a porcentaxe de execución das obras de urbanización, debe darse maior validez a estimación realizada polas empresas contratadas polo concello de Outeiro de Rei e alleas a todo interese económico no sector que a estimación realizada pola Secretaria da entidade urbanística de xestión incumpridora, irmá do xerente da entidade promotora e propietaria, asemade, de terrenos no sector. A emisión de un certificado nestas condicións é contraria a toda ética profesional.
- Non é necesaria a disolución e liquidación previa da entidade urbanística, xa que eso sería tanto coma subordinar o exercizo da competencia e deber municipal a emisión dun acto particular previo por parte do incumpridor, o que é inaceptable, tanto dende un punto de vista xurídico coma da tutela dos bens protexidos.
- A modificación polo promotor do trazado de algunhas canalizacións con respecto ao trazado previsto no Plan non só non vencella ao Concello –por razóns obvias que non é preciso explicar- senón que pode ser constitutivo de infracción urbanística.
- A procedencia da inclusión de determinados custes na conta de liquidación e a nova valoración das parcelas, éstos son temas alleos a substitución do sistema de actuación, e que deberán ser tratado no momento procedimental oportuno. En calquer caso, é repercutible todo custe vencellado a execución dos custes de urbanización, inclusive honorarios profesionais.

Polo tanto, as alegacións aportadas no trámite de información pública non poden ser estimadas. Polo contrario, ditas alegacións refrendan o incumprimento do prazo de execución, afirmando que está executado o 33% do proxecto de urbanización.

A vista do que antecede, propono, ao Pleno da Corporación:

- Aprobar definitivamente a substitución do sistema de actuación do sector A Palloza, fixando como aplicable o sistema de Cooperación.”

O sr. Arcadio solicita que se aclare se é certo que, tal e como consta nos antecedentes da proposta, a licencia de urbanización deuse no ano 2004 e fixou unha duración da execución das obras de urbanización de 36 meses. Porque de seres así, o prazo para urbanizar rematou no ano 2007. ¿A qué estivo esperando entón o Concello dende o 2007 para actuar?.

O sr. Alcalde informa que se mantiveron diversas reunións con propietarios e promotor tentando que se rematasen as obras polo cauce ordinario, e que se interviu cando se viu que xa non había outra opción e que o promotor incumpriu a súa palabra de que ía a rematar as obras.

O sr. Arcadio manifesta que neste caso, ao igual que no anterior, os perjudicados son os propietarios, que están empantanados nunha situación que non crearon.

O sr. Varela, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, tras poñer de manifesto a semellanza coa situación do RA-49, destaca que neste Concello, despois de sete anos, hai xente que vive con luz de obra, verquendo na foxa séptica dun particular e servíndose da auga do pozo dun particular. E o Concello, logo de sete anos, acórdase agora de traer esta proposta para actuar.

A situación actual é que os veciños teñen que pagar unhas cantidades esaxeradas, de seis ou sete millóns das antigas pesetas por parcela, e que se debe a imprevisión do Concello, que seguiu dando licenzas ao promotor a pesares do manifesto incumprimento das súas obrigas de urbanización.

O sr. Pardo asegura que o presente caso é máis grave que o do sector RA-49, xa que o grao de urbanización é moito menos e son menos os propietarios a sufragar os custes. Polo que atañe as condicións dos servizos da xente que alí reside recorda que, legalmente, ninguén podería estar residindo alí, xa que as casas non están rematadas e carecen de licencia de primeira ocupación.

Asemade, explica que, unha vez rematado o prazo outorgado para a urbanización, o Concello reúnese cos propietarios e o promotor en diversas ocasións. Nestas reunións o promotor asume o compromiso de que vai rematar as obras. Únicamente cando se constata que incumpre o seu compromiso é cando os propietarios solicitan o cambio de sistema.

Pero antes de acordar o cambio do sistema, o Concello contratou a redacción de estudos técnicos descriptivos e valorativos das obras pendentes de execución que, unha



vez redactados, se puxeron de manifesto aos propietarios para que decidisen o cambio de sistema con coñecemento dos custes.

Os propietarios, a vista de estos estudos, acordaron solicitar do concello a adopción do sistema de actuación e por iso traemos esta proposta ao Pleno.

Polo tanto, o Concello dende o primeiro momento cumpriu as súas funcións no marco da lei, xa que non pode adoptar medidas ao marxe da lei.

Remata a intervención solicitando o apoio dos grupos políticos na aprobación da proposta transcrita de substitución do sistema de actuación, co fin de axudar aos propietarios afectados.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con cinco votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, CON NÚMERO DE REXISTRO 2995.**

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada o día 31 de agosto de 2010 con número de rexistro 2995, do seguinte teor literal:

*“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 1111999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*

### *MOCIÓN:*

*A situación na que se atopan varios puntos nas vías de circulación no Concello de Outeiro de Rei, en moitos casos é preocupante, ven sexa pola pouca visibilidade que hay e moitos sitios, así como as estreiteces a que están sometidas en outros, xerando situacións continuas de perigo, tanto para os viandantes como para os vehículos que circulan en ambos sentidos, e se atopan neses puntos críticos, rematando en moitos casos en colisións.*

*Poñamos por exemplo, entre outros moitos, a existente na parroquia de silvarrei lugar de constante, onde xa levan colisionado varios vehículos.*

*Dende este grupo Municipal, levamos sempre a nosa preocupación pola seguridade dos veciños de Outeiro de Rei, e algo que nos parece moi importante, A PREVENCIÓN.*

*Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

**ACORDO:**

*A elaboración dun estudo, onde se atopen os puntos críticos, e se identifiquen os problemas, nas vías do concello, co fin de que se poidan apreciar as súas deficiencias, e arranxalas o antes posible, para solucionar e reducir tanto con espellos, sinalización, ou con calquera outra medida oportuna, o risco de accidentes.”*

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen apoia a moción por considerala convinte. Apunta a que descoñece o número de puntos existentes destas categorías, e a redacción do estudo permitiría coñecerlos e correxilos.

O voceiro do grupo municipal do PP, informa que actualmente o Concello de Outeiro de Rei está a executar un plan de sinalización, o que acarrea a colocación de numerosas sinais en todo o termo municipal. Asemade, o Concello, ao igual que xa ven facendo, colocará as sinais que sexan necesarias e convenientes. E a realización deste estudio se realizará cando sexa posible por posibilitalo as condicións orzamentarias.

Polo tanto non está en contra da moción. Agora ben, non a apoia xa que aos veciños non se lles pode enganar dicindo que se van a facer cousas que poden demorarse no tempo.

Non obstante, o equipo de goberno municipal asume o compromiso de sinalizar axeitadamente estes puntos, por máis que afirma que o estado das vías municipais é, en xeral, bastante bo e que os membros do equipo de goberno coñecen perfectamente a rede viaria e os posibles puntos conflictivos. E precisamente por iso advirte que é necesario priorizar gastos, xa que redactar un Plan implica un custe económico para o Concello, e neste momento, e precisamente polo coñecemento que se ten da rede viaria municipal, non é necesario.

O sr. Varela dí que non se pretende realizar un estudo moi exhaustivo, e que se o equipo de goberno coñece os puntos críticos para a seguridade non entende porqué se producen accidentes, e considera que todo acto debe ir precedido dun estudo mínimo que identifique os problemas e as posibles solucións.

Resposta o sr. Pardo que os accidentes se producen en todo tipo de vías: autoestradas, estradas autonómicas provinciais e locais, estén ou non sinalizadas, e cree que se os condutores cumpriran escrupulosamente o código de circulación habería moitísimos menos accidentes en tódalas estradas, sinalizadas ou non.

Por iso considera que a redacción do Plan non vai a evitar os accidentes, por máis que recorda que o estudo se vai facer tan pronto exista dispoñibilidade orzamentaria.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE, e con cinco votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **8.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CON NÚMEROS DE REXISTRO 3064 e 3065.**

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PP, asume a defensa da moción presentada o día 7 de setembro de 2010 con número de rexistro 3064, e do seguinte teor literal:

*“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA AO APRAZAMENTO DA DEVOLUCIÓN DAS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DOS EXERCICIOS 2008 E 2009*

*O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:*

### *Exposición de Motivos*

*O Presidente da Xunta de Galicia, na súa comparecencia a petición propia diante do Parlamento de Galicia o pasado día 20 de xullo de 2010, informou que, dacordo cos cálculos realizados polo goberno, a Comunidade Autónoma de Galicia terá que devolver á Administración Xeral do Estado ao longo do período 2011-2016, e conforme ao previsto na Lei 22/2009, unha cantidade aproximada de 2.562 millóns de €, resultado de agregar ás liquidacións negativas correspondentes ao exercicio de 2008 (xa pechado) por importe de 574 M€, e ao exercicio de 2009 por importe de 1.989 M€ (estimación).*

*Dita devolución prodúcese nun contexto marcado pola necesidade de reducir o déficit público do conxunto das Administracións Públicas españolas, e pola fonda crise que está a padecer a economía española na que a economía galega se atopa plenamente inserida.*

*As CCAA son as principais provedoras de servizos públicos fundamentais (sanidade, educación, servizos sociais); servizos que polas súas características (peso relativo dos gastos de persoal, inelasticidade da súa demanda) fan especialmente difícil reducir o gasto público necesario para a súa prestación. Por outra banda, as CCAA tamén desempeñan unha importante labor inversora, esencial para manter os niveis de emprego nas actuais circunstancias económicas. Asimesmo, as CCAA conceden axudas e subvencións e dotan con transferencias ás Entidades Locais, fundamentais para*

*garantir o desenvolvemento igualitario no seu territorio e o axeitado equilibrio entre os seus habitantes.*

*A Comunidade Autónoma de Galicia xa manifestou, tanto nos Consellos de Política Fiscal e Financeira celebrados nos pasados meses de xuño e xullo, como na Comisión Mixta de Transferencias Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, na que se aprobou, dacordo co previsto no novo sistema de financiamento autonómico, a cesión de tributos á nosa Comunidade, a súa discrepancia coas condicións aprobadas para a devolución das liquidacións negativas.*

*Desde entón, a maiores, téñense producido cambios importantes nas restricións orzamentarias coas que a Comunidade Autónoma terá que aprobar os seus orzamentos nos vindeiros anos. Nomeadamente, na reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira do 15 de xuño de 2010, modificouse o Acordo Marco coas CCAA para a sustentabilidade das finanzas públicas que restrinxen en varios puntos porcentuais sobre o PIB de cada CA a capacidade de endebedamento das CCAA; e a supresión da chamada "golden rule", pola que aquelas CCAA que, como Galicia, cumpriran cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, podían asumir un endebedamento equivalente ao 0,25% do seu PIB que sería adicado, na súa totalidade, a investimentos produtivos.*

*Adicionalmente, as perspectivas de crecemento da Economía española, por mor dos axustes no gasto público, están a ser revisadas a baixa, o que repercutirá, a súa vez, nas previsións de ingresos realizadas no escenario anterior á revisión dos obxectivos de estabilidade realizados no pasado mes de xuño.*

*Asimesmo, na reunión do Consello de Política Fiscal e Financiera do 27 de xullo de 2010, o Goberno rexeitou a proposta da Xunta - que contou co apoio explícito do goberno doutras Comunidades Autónomas- para aprazar o pago das cantidades cobradas de máis como consecuencia das citadas liquidacións negativas, argumentando que a petición non foi xeral. Polo tanto, faise máis necesario que nunca contar co maior apoio posible das institucións e administracións deste país para reclamar a revisión das condicións previstas na Disposición Adicional Cuarta da Lei 22/2009.*

*Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1º.- Manifestar a necesidade da revisión das condicións previstas na Disposición Adicional Cuarta da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das CCAA de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, para a devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios orzamentarios de 2008 e 2009, vencellando o inicio desta devolución a unha taxa de crecemento positiva do PIB autonómico do 2% e alongando no tempo o prazo actualmente fixado para a devandita devolución alomenos ata as 10 anualidades.*

*2º.- Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Segunda, a todos os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e nas Cortes Españolas e á Xunta de Galicia.”*

Rematada a defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do PP, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, que tacha a moción de oportunista, dado que ten como única finalidade desgastar ao goberno.

Nembargantes, a moción pasa por alto que a raíz do problema radica no sistema de financiación, que se ben foi aprobado polo actual goberno do PSOE, é moi parecido ao aprobado polo goberno do PP no ano 2001.

Particularmente, a disposición adicional na que se establece o mecanismo de devolución que agora se critica non foi enmendada polo PP no seu debate parlamentario.

Sinala que o seu grupo está de acordo coa primeira parte da moción, e coa proposta de moratoria na devolución, se ben propón que se exprese a vinculación dos cartos que deberían devolverse ao mantemento das partidas correspondentes a servizos públicos tales como servizos sociais ou servizos educativos.

Asemade, propón incluír a seguinte enmenda: “instar ao Goberno central e a Xunta de Galiza a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal que conleve a corresponsabilización sobre os nosos recursos a través da recadación completa dos tributos en Galiza e que abranca a recadación, xestión e capacidade normativa contando para elo con unha axencia tributaria propia.”

Pola súa banda, o voceiro do PSdG-PSOE pregunta se a fixación da porcentaxe de crecemento a partir da cal se producía a devolución vai precedida dun estudo ou se se fixou sen estudo previo, xa que pode ser que a porcentaxe máis axeitada para os intereses locais non sexa o 2% senón outra porcentaxe. Por iso considera que as condicións de devolución deben ser obxecto dun estudo e negociación, porque pode ser que sexan insuficientes.

O sr. Pardo Lombao recorda que aquí non se está a debater o réxime de financiación das CCAA, nin tan sequera a financiación municipal, que é evidentemente ridícula.

Aquí o que se está a debater é a solución do problema creado polo Goberno do Estado quen, como consecuencia de aprobar un orzamento absolutamente inflado con claros fins electorais, xerou unha situación económica insostible, dado que outorgou unha financiación as CCAA calculada con base a ese orzamento irreal e agora esixe a súa devolución, o que xenera gravísimos problemas financeiros.

Ésta é unha situación inédita na historia de España. Nunca antes o Goberno outorgara en base aos seus propios cálculos unha financiación a unha CCAA e logo esixe a súa devolución.

E esta situación agrávase cando a cantidade a devolver é de 1.600 millóns de euros. Cartos que, neste caso, malgastou o anterior Goberno da Xunta.

Esto é inédito, insostible e impresentable.

Polo tanto non se pode desviar a atención a financiación autonómica, que é outro tema, senón que agora o realmente urgente é dar unha solución a esta gravísima situación creada polo Goberno do Estado.

O sr. Arcadio considera que existen dous problemas; o actual, que é grave e esixe unha solución inmediata, e o verdadeiro problema de fondo; o sistema de financiación.

E mentres non se modifique o actual sistema de financiación seguirá a acontecer no futuro o que agora se denuncia, e por iso presenta enmenda transcrita anteriormente.

O sr. Varela insiste en que non se opón a que se incremente a flexibilidade da devolución, ao que se opón é a que se fixe unilateralmente na moción as condicións da devolución, considerando que estas condicións deben estudiarse e fixarse nunha comisión axeitada a tal fin.

O sr. Pardo recórdalle ao voceiro do PSOE que a moción pretende apoiar á Xunta nas negociacións dunhas condicións que, como mínimo, sexan as expresadas na mesma, xa que as actuais condicións de devolución poder dar lugar a situacións insostibles para a meirande parte da CCAA.

E en contesta a intervención do voceiro do BNG, asegura que non comparte a afirmación contida na moción de que se traslade a soberanía fiscal para Galicia, por dous razóns:

Porque a CCAA de Galicia precisa, dende un punto de vista económico, que as outras comunidades sexan solidarias con nos.

Porque non considera que Galicia deba ser soberana, xa que a soberanía corresponde ao Pobo Español.

Insiste na necesidade de modificar o réxime de devolución e solicita o apoio a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con cinco votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

Continúa o debate do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PP, da moción presentada o día 7 de setembro de 2010 con número de rexistro 3065, e do seguinte teor literal:

*“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA SOBRE AS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS CORRESPONDENTES Á PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DO ANO 2008*

*O Ministerio de Política Territorial ven de facer públicos os datos relativos á liquidación da Participación das entidades locais nos Ingresos do Estado correspondentes ó exercicio 2008*

*As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2008 ascenden a 106.284.655,29 €.*

*No caso concerto do Concello de OUTEIRO DE REI o importe a devolver ascende a 135.037,58 euros.*

*Esta situación produciuse como consecuencia da falla de previsión do Goberno de España, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero que, empeñado en negar as consecuencias da crise económica, presentou no ano 2008 uns orzamentos cunhas previsións de ingresos que estaban moi lonxe da realidade.*

*Agora, no peor momento da crise económica e ó tempo que experimentan unha notable baixada dos seus ingresos, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais van a verse obrigadas á devolución de importantes cantidades como consecuencia dos erros do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.*

*A esta situación hai que engadir que o Goberno de España continúa incumprindo o seu compromiso de abordar a reforma do financiamento local para garantir o principio de suficiencia das facendas locais.*

*A reclamación efectuada polo Goberno de España neste momento podería poñer en risco o mantemento dos servizos públicos de titularidade local, razón pola que cómpre solicitar que se deixe sen efecto a liquidación efectuada ou que, no seu defecto, se adie o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.*

*Ademais, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local no ano 2010, que ningún concello perciba menos ingresos durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado que os que ven percibindo durante o ano 2010.*

*Por todos os motivos expostos, o Grupo Municipal do Partido Popular de Galicia proponlle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:*

*1º Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adie o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.*

*2º.- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.”*

*Asegura o sr. Arcadio que as posturas do PSOE e do PP non están tan distantes, á vista do contido das mocións e da defensa que das súas políticas fan uns e outros.*

Contéstalle o sr. Pardo que a verdadeira proximidade co PSOE é a do BNG, quen apoiou a investidura do sr. Zapatero, e outorgou a súa complicidade todos estes anos. Recorda que o BNG negouse a reprobar a Ministra de Fomento que tanto dano fixo a Galicia, cando o voto do BNG era o único que faltaba para dita reprobación.

Insiste o sr. Arcadio que o problema local é un problema de modelo de financiamento, e que ningún dos dous partidos políticos principais que gobernaron España o cambiaron cando tiveron ocasión.

A pesares desto, asegura que o grupo municipal do BNG está disposto a apoiar a moción, sempre que se engada a solicitude de que os orzamentos da Xunta de Galicia manteñan as aportacións aos concellos galegos durante o ano 2011, e que disipen as dúbidas creadas polas declaracións da Conselleira de Facenda.

Pola súa banda, o sr. Varela, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, considera que a moción fala da devolución das entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2008, polo que non se está a falar dun modelo de financiamento local.

E asegura que, en tanto as negociacións das condicións de financiamento local sempre se levou pola Federación Española de Municipios e Provincias, debería ser esta entidade quen fixese as propostas de modificación do modelo de devolución, xa que está en mellores condicións de coñecer as modificacións necesarias.

Por outra banda, resalta que o financiamento local tamén corresponde ao goberno autonómico.

Polo tanto, o sr. Varela propón a seguinte enmienda:

Dirixirse a través da FEMP ante ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para que estudie e valore unha modificación das condicións de devolución da liquidación do ano 2008.

Dirixirse a través da FEMP ante ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para que garantan o financiamento das entidades locais no ano 2011 nunha cantidade non inferior ao ano 2010.

Respaldar a proposta feita pola FEGAMP á Xunta de Galicia para incrementar nun 12% ao Fondo Galego de Cooperación Local.

Resposta o voceiro do grupo municipal do PP, quen recorda que aquí se está a debater, non o sistema de financiación, senón a devolución da liquidación do ano 2008 que, recorda, débese a confección dun orzamento do Estado en base a previsións absolutamente irrealis e desproporcionadas.

E recorda que, aínda que tivésemos un sistema de financiación moito mellor, e aínda que o Concello recibise 300.000 euros mensuais en vez dos 50.000, a situación sería a mesma, xa que a participación xiraría en base a un orzamento irreal e logo xurdiría a obriga de devolver unha cantidade proporcional.



A situación derívase dun engano descarado ou dunha falla alarmante de capacidade que orixinou a obriga de devolución. E isto é o que se ten que tratar aquí e isto é do que trata a moción.

E a moción presenta unha proposta de devolución que constitúe un mínimo que podería ser mellorado. E se consegue a FEMP que dito mínimo sexa mellorado, perfecto.

Por outra banda, infórmalle ao sr. Varela que, nin dende a FEMP nin dende a FEGAMP se comunicou a este concello a intención de negociar nada.

O que sí é certo é que a Xunta, nun contexto no que o Estado reduciu a financiación local sustancialmente (preto de 100.000 euros neste Concello), a Xunta mantivo as aportacións aos concellos galegos, a pesares de que diminuíu moito a súa propia financiación.

E nembargantes, agora pretenden que nos dirixamos á Xunta para que incremente a financiación municipal. Isto manifesta unha absoluta incoherencia, xa que non é outra cousa que pedir á Xunta o que non fixo nin remotamente o Estado.

E recorda que a Xunta xa se comprometeu de manter a financiación aos concellos galegos no ano 2011 igual que a do ano 2010, cousa que polo momento non fixo o goberno do Estado.

Pola súa banda, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, apela á coherencia para insertar o punto relativo á FEGAMP, xa que si se insta á FEMP a negociar co Estado, debe instarse á FEGAMP a negociar coa Xunta.

O sr. Pardo dí que é pura demagogia, xa que ao Estado pídeselle que se aprace a devolución e que se manteña a financiación para o ano 2011, mentres á Xunta, que non esixiu devolución e mantén a financiación para o ano 2011, pídelles que incremente a financiación local nun momento no que ten, a súa vez, que devolver cartos ao Estado.

E insiste en que non se está a falar de nova financiación, senón das condicións de devolución da liquidación do ano 2008.

Para falar de nova financiación sería necesario a presentación dunha nova moción, xa que esta unicamente fala da devolución, e a Xunta de Galicia non esixe ningunha devolución.

O sr. Arcadio ratifica os argumentos anteriormente esgrimidos.

O sr. Pardo propón ao voceiro do PSdG-PSOE, modificar o texto da moción, no sentido de que se inste a FEMP á negociación das condicións de devolución, respetando como mínimo as previstas nesta moción.

O voceiro do PSdG-PSOE rexeita a proposta senón se incorpora o apoio á FEGAMP.

O sr. Pardo insiste en que a Xunta non esixe ningunha devolución, senón que a devolución a esixe o goberno central. Todo o demais é demagogia.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con cinco votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas.

O Secretario

VºBº, O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.: José Pardo Lombao.